

## I PREMIO DA ATG Á MELLOR TRADUCIÓN PUBLICADA EN 2020

A **Asociación de Tradutoras e Tradutores Literarios de Galicia (ATG)**, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, e co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, convoca a **1.ª edición do seu Premio de Tradución**, destinado a pór en valor o ámbito da tradución dentro do sistema literario galego e a recoñecer a mellor tradución publicada en Galicia durante o ano 2020, e que se rexerá polas seguintes bases:

1. Poderán concorrer a este premio todas as obras traducidas á lingua galega e ofrecidas ao público xeral por medio das canles habituais de publicación e de distribución durante o ano 2020. A convocatoria é aberta, e calquera persoa ou colectivo pode propoñer os títulos que considere. Paralelamente, a ATG solicitaralles ás editoriais galegas que propoñan obras de entre as publicadas por elas.
2. A proposta dun título para optar ao premio poderase facer enviándoa ao seguinte correo electrónico: **info@tradutoresgalegos.com**.
3. Este premio, que non conta con dotación económica, pretende ser un recoñecemento ao risco asumido polas editoriais e ao traballo das e dos tradutores, produto dunha valoración obxectiva por parte dun xurado imparcial, allea a criterios extraliterarios, froito exclusivamente da lectura das obras candidatas.
4. O premio para a tradutora ou o tradutor e mais a editorial gañadoras consistirá nunha cerámica conmemorativa da edición do premio; ademais, a tradutora ou tradutor recibirá unha obra de arte dunha creadora ou creador contrastado. Así mesmo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística realizará unha compra por valor de 1500 euros en librería da obra premiada para a súa distribución e o fomento da súa lectura.
5. O prazo de presentación das obras candidatas será entre o 5 e o 20 de marzo de 2021. A listaxe das obras candidatas ao premio farase pública nas redes sociais unha vez finalice o prazo de presentación.
6. A ATG designará un xurado formado por seis persoas, todas elas relacionadas dalgún xeito non profesional coa lectura: mantedores de blogs literarios, *bookstagrammers*, etc. ou simplemente lectores frecuentes. De entre elas designarase unha secretaria ou secretario, con voz pero sen voto.
7. De entre todas as obras propostas, o xurado fará unha primeira selección, da que sairán cinco finalistas, guiándose por criterios de relevancia e impacto da obra na cultura de partida, representatividade na produción da autora ou autor, oportunidade da súa aparición no sistema literario galego... ou aqueloutros que o propio xurado determine. A continuación, os membros do xurado farán pública a listaxe das cinco obras finalistas e escollerán a obra gañadora de entre elas.
8. O fallo do xurado farase público ao longo do mes de xuño de 2021. Nun acto que se celebrará na sede da Secretaría Xeral de Política Lingüística de Santiago de Compostela entregaranse os premios nun acto público.